

PREMIO MERLÍN DE LITERATURA INFANTIL

33ª edición

Edicións Xerais de Galicia convoca a trixésimo terceira edición do PREMIO MERLÍN DE LITERATURA INFANTIL en lingua galega, dotado con 10 000 €, que se rexerá polas seguintes **BASES**:

- 1ª. Poderán concorrer ao premio todos aqueles autores/as de calquera nacionalidade que presenten os seus orixinais en lingua galega, conforme á normativa vixente. Os textos presentados han ser inéditos e totalmente orixinais, non podendo ter sido comunicados, nin na súa totalidade, nin por partes, por ningún tipo de procedemento.
- 2ª. De cada orixinal presentaranse seis copias en papel, mecanografadas a dobre espazo e debidamente encadernadas, acompañadas dun cedé ou calquera outro soporte informático no que se incluírá a obra en formato pdf, antes do día 3 de abril de 2018 nos locais sociais de Edicións Xerais de Galicia, S. A., rúa Doutor Maraño, 12. 36211 Vigo.
- 3ª. Co orixinal, que deberá ser presentado baixo lema e sen ningún tipo de dato que identifique ao seu autor/a, achegarase, en sobre pechado, o nome completo, enderezo e teléfono do autor/a, así como o título da obra, indicando no sobre: para o Premio Merlín de Literatura Infantil.
- 4ª. Cada orixinal será presentado unicamente a unha das tres modalidades dos Premios Xerais (Novela, Infantil ou Xuvenil).
- 5ª. O xurado estará composto por cinco membros, escollidos entre lectores e lectoras e un secretario con voz e sen voto en representación de Edicións Xerais de Galicia, S. A. O premio outorgarase por maioría de votos.
- 6ª. A composición do xurado darase a coñecer no mes de maio.
- 7ª. O xurado emitirá o seu fallo no curso da Festa Xerais que se celebrará o día 2 de xuño.
- 8ª. O premio poderá ser declarado deserto no caso de que o xurado así o estime e a decisión será inapelable.
- 9ª. Edicións Xerais de Galicia, S.A., que reserva os dereitos de edición sobre a novela premiada en todas as linguas, coa posibilidade de ceder tales dereitos a terceiros, poderá publicar esta sen limitación do número de exemplares nin de edicións. Os tres mil primeiros exemplares vendidos estarán libres do pagamento de dereitos de autor/a. O beneficiario/a do premio, que se compromete a renunciar expresamente a calquera pretensión sobre os devanditos dereitos, recibirá gratuitamente vinte e cinco exemplares da obra publicada.
- 10ª. Os orixinais non premiados poderán retirarse, previa solicitude, no mes seguinte ao fallo. Os que non se retiren serán destruídos.

A participación nesta convocatoria requirirá a aceptación das normas contidas nas presentes bases e as decisións do xurado que se teña designado.

Vigo, xaneiro 2018

Todos os Merlíns

1986: Úrsula Heinze <i>A casa abandonada</i>	1997: An Alfaya <i>Sireno, Sireno</i>	2008: Mar Guerra <i>Xenaro e o misterio da mochila verde</i>
1987: Palmira González Boullosa <i>A princesa Lúa e o enigma de Kian</i>	1998: Antonio Reigosa <i>Memorias dun raposo</i>	2009: Jacobo Fernández Serrano <i>Mil cousas poden pasar. Libro I</i>
1988: Xosé A. Neira Cruz <i>O outro lado do sumidoiro</i>	1999: Bieito Iglesias <i>A noite das cabras do aire</i>	2010: Teresa González Costa <i>A filla do ladrón de bicicletas</i>
1989: Agustín Fernández Paz <i>As flores radiactivas</i>	2000: Xosé A. Neira Cruz <i>As cousas claras</i>	2011: Anxo Fariña <i>A chave da Atlántida</i>
1990: Gloria Sánchez <i>Fafarraios</i>	2001: Antón Cortizas <i>A merla de trapo</i>	2012: Marcos Calveiro <i>Palabras de auga</i>
1991: Fina Casalderrey <i>Dúas bágoas por Máquina</i>	2002: Xosé Miranda <i>Pel de lobo</i>	2013: Antonio Fraga <i>O Castañeiro de Abril</i>
1992: Dolores González <i>Os Mornias</i>	2003: Manuel Lourenzo González <i>Irmán do vento</i>	2014: Leticia Costas <i>Escarlatina, a cocieira defunta</i>
1993: Bernardino Graña <i>O gaitero e o rato Pérez</i>	2004: Xesús Manuel Marcos <i>O Brindo de ouro. I A chamada do Brindo</i>	2015: Érica Esmorís <i>Nena e o mar</i>
1994: Marilar Aleixandre <i>A expedición do Pacífico</i>	2005: Ramón Carredano <i>Unha branca de cobre para Martiño</i>	2016: David Pérez Iglesias <i>Todo o tempo do mundo</i>
1995: Ramón Caride <i>Perigo vexetal</i>	2006: Agustín Agra <i>O tesouro da lagoa de Reid'ls</i>	2017: María Canosa <i>Muriel</i>
1996: Antonio García Teijeiro <i>Na fogueira dos versos</i>	2007: Carlos López <i>Minimaladas</i>	